



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 29 DE XUÑO DE 2006.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE

Concelleiros/as:

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D^a. MANUELA IGLESIAS
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA
SEBIO (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO
(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ
GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D^a MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA
(PP)

D^a LUISA DEL CARMEN
ESCUDERO CENTRÓN (BNG)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodríguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día VINTENOVE de XUÑO de 2006 reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rordriguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 25 DE MAIO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 25 de Maio de 2006, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 29 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 30 de abril, dúas, sobre aboamentos.

Do 2 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 9 de maio, unha sobre aboamentos.

Do 15 de maio, dúas, unha en materia de asuntos fiscais (I.V.T.M, Multas, Reclamacións por prescripción de débedas, Reclamacións en materia de solicitudes de fraccionamentos de pago de débedas) e outra sobre aboamentos.

Do 18 de maio, unha,sobre aboamentos.

Do 19 de maio, dúas, sobre aboamentos.

Do 22 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 23 de maio, tres, dúas sobre aboamentos e unha sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais.

Do 24 de maio, sete, tres sobre aboamentos, dúas sobre arquivo de expedientes e dúas sobre imposición de multa coercitiva.

Do 25 de maio, dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais.

Do 26 de maio, catro, dúas sobre aboamentos, unha sobre imposición de multa coercitiva e outra sobre orden de demolición.

Do 28 de maio, unha, sobre aboamentos

Do 29 de maio, oito, dúas sobre aboamentos, dúas sobre arquivo de expedientes, unha sobre aprobación de lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no concurso para a provisión dunha praza de peón, unha sobre delegación das funcións das funcións propias da Alcaldía e a Presidencia da Xunta de Goberno Local o día 29 de maio en D. Francisco Xabier Carreira Sebio, unha sobre delegación de competencias para celebrar unha voda civil en Dona Manuela Iglesias Collarte e outra sobre asuntos fiscais (Lixo).

Do 30 de maio, cinco, catro sobre aboamentos e unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 31 de maio, dúas, unha en materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre aboamentos.

Do 1 de xuño, catro, unha sobre requerimento a un propietario para que proceda a limpeza dun solar ou finca sita na rúa Alferez Provisional nº 2 e tres sobre aboamentos.

Do 2 de xuño, cinco, unha sobre aprobación da lista de admitidos e excluídos no concurso para a provisión de dúas prazas para os Servizos Sociais, unha sobre requerimento a un propietario para que proceda a limpeza de un solar ou finca sita no paraxe Río Frio nº 2 e tres sobre aboamentos.

Do 5 de xuño, cinco, unha sobre admisión no proceso selectivo para a praza de Asistente Social dunha nova candidata, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais, unha en materia de asuntos fiscais (I.B.I) e dúas sobre aboamentos.

Do 6 de xuño, dúas, sobre aboamentos.

Do 7 de xuño, catro, unha en materia de obras e outras da súa competencia, outra sobre concurso para a subministración dun tractor desbrozador con remolque e tres sobre aboamentos.

Do 8 de xuño, dúas, sobre aboamentos.

Do 9 de xuño, cinco, dúas sobre aboamentos, dúas sobre arquivo de expedientes e outra en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 12 de xuño, catro, dúas sobre ordenamento das obras necesarias para recuperación das condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade e ornato público en dúas edificacións sitas na rúa Porta Nova de Arriba números 9 e 13 e dúas sobre aboamentos.

Do 13 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xuño, dúas, sobre aboamentos.

Do 15 de xuño, tres, sobre aboamentos.

Do 16 de xuño, unha, sobre aboamentos

Do 19 de xuño, tres, unha sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais e dúas sobre aboamentos.

Do 20 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xuño, unha, sobre aboamentos

Do 22 de xuño, catro, unha sobre extinción da autorización para proceder a instalación de un posto de xeados na zona recreativa da Veronza, unha sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais e dúas sobre aboamentos.

Do 23 de xuño, dúas, unha sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais e outra sobre aboamentos.

Do 26 de xuño, dúas, unha sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais e outra sobre aboamentos.

Do 27 de xuño, unha, sobre aboamentos.

3.- DACION DE CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA OBRADOIRO DE EMPREGO AO ABEIRO DA ORDE DO 24 DE MARZO DE 2006 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA OS PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADORIO E CASAS DE OFICIO, DE OBRADOIROS DE EMPREGO E UNIDADES DE PROMOCION E DESENVOLVEMENTO NO AMBITO DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.-

Pola Presidencia dáse conta da solicitude de subvención para Obradoiro de Empego, aprobada na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 5 de xuño pasado, quedando todos os membros da Corporación enterados da mesma.

4.- APROBACION, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2005.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado día 20 de Abril que di:” Don Javier Iglesias Sendín, Presidente efectivo da Comisión, da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:”D. Marcos Blanco Jorge, Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia en relación co expediente de tramitación da Conta Xeral do exercicio de 2005 propón á Comisión Informativa de Facenda e especial de Contas que acade o seguinte dictame:

DICTAME DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2005.

A intervención formou a conta xeral correspondente o exercicio de 2005, de acordo co disposto no título II da Instrución de contabilidade para a Administración Local do 17 de Xullo de 1990, que está integrada exclusivamente pola do Concello de Ribadavia.

A Comisión especial de Contas e informativa de Facenda, considerando que constan no expediente tódolos documentos esixidos pola lexislación vixente informa favorablemente a referida conta, e que se poña de manifesto ó público polo prazo de quince días hábiles, durante os cales e oito máis, igualmente hábiles, os interesados poidan presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes de conformidade co artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Ribadavia, a 27 de marzo de 2005".

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, despois de facer unha breve explicación sobre o resultado presupostario do ano 2005, somete a votación ordinaria o dictame da Conta Xeral de 2005, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E e B.N.G.); abstención, tres (P.P.).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminada favorablemente a devandita Conta Xeral, a cál poñerase de manifesto ó público polo prazo de quince días hábiles, durante os cales e oito máis, igualmente hábiles, os interesados poidan presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes de conformidade co artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da Conta Xeral 2005, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, seis (P.P.).- Por conseguinte e, por maioría absoluta fica aprobada a Conta Xeral de 2005.

5.- ADHESION AO MANIFESTO POLO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DO MILENIO.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Servizos Sociais celebrada o pasado día 22 de Xuño que di:”Intervén Don Constantino Areda Vidal para dar conta dunha proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: “Vista a proposta do "Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade", orientada a contribuir dende o noso propio ámbito ó desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo, e en cumprimento dos obxectivos do Milenio aprobados na Asamblea Xeral de Nacións Unidas no ano 2000, proponse o PLENO do Concello de Ribadavia, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Manifestar a adhesión desta Corporación a iniciativa do FONDO GALEGO DE COOPERACION E SOLIDARIDADE de apoiar e velar polo cumprimento dos Obxectivos do Milenio.

Segundo.- Asumir o compromiso de tomar tódalas medidas posibles para apoiar ós Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, dende o seu ámbito competencial.

Terceiro.- Impulsar e facilitar as actividades a prol da Declaración do Milenio, que o Fondo Galego organice.

Cuarto.- Impulsar as campañas de difusión dos Obxectivos do Milenio, mediante carteis, folletos...

Quinto.- Notificar estes acordos ó Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade”.

De seguido sometese a votación ordinaria a urxencia da proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E. e B.N.G.); abstencións, tres (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E. e B.N.G.); reservanse para o Pleno os membros do P.P.- Por conseguinte por maioría absoluta fica dictaminada favorablemente.

Sen necesidade de debate, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

6.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E., SOBRE REDUCCION DA COTA POR CONTINXENCIAS COMUNS PARA AS PERSOAS COTITULARES DE EXPLOTACIONES AGRARIAS INCORPORADAS AO REXIME ESPECIAL AGRARIO DA SEGURIDADE SOCIAL.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado día 22 de Xuño que di:”De seguido Don Javier Iglesias Sendin da conta dunha moción do grupo municipal socialista e que de seguido transcribese:

“O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, presenta diante do Pleno da Corporación municipal esta MOCION, relativa á redución do 50% da cota por continxencias comúns para as persoas cotitulares de explotacións agrarias, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, en base aos méritos e consideracións recollidos na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS

No acordo asinado no mes de outubro do 2005, polos Ministerios de Traballo e Asuntos Sociais, e Agricultura, Pesca e Alimentación, coas Organizacións Profesionais Agrarias, establecíanse medidas positivas que beneficiaran aos cotitulares de explotacións agrarias, a través de reducións temporais na cotización á Seguridade Social, co fin de propiciar tamén no sector agrario, mecanismos que favorezan a igualdade entre homes e mulleres.

Na disposicións adicional cadraxésimo novena da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, recolleuse a redución, durante tres anos do 30% da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria, a favor das persoas cotitulares de explotacións agrarias, sempre que se trate de persoas menores de 40 anos e, que o seu ou a súa cónxuxe, cotitular dunha explotación agraria, estea de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social.

A Consellaría de Traballo, tendo en conta que nos últimos anos os ingresos das explotacións agrarias galegas estiveron moi por debaixo da media do Estado e da maioría das comunidades autónomas, o que dificulta unha segunda cotización á Seguridade Social, especialmente nas explotacións familiares, estableceu unha segunda

redución do 20%, que complementa o 30% acordada polo Estado, situando a redución no 50% da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria.

Desta medida pódense beneficiar as persoas cotitulares de explotacións agrarias galegas, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, que cumpran os requisitos establecidos na Orde da Consellaría de Traballo do 15 de maio de 2006. Polo que Somete á consideración do Pleno esta MOCION, para que adopte o seguinte ACORDO:

Que o Concello realice unha campaña informativa nas distintas parroquias a traves de Bandos, co fin de dar a publicidade suficiente para que os interesados das explotacións agrarias poidan obter de primeira man dita información e acollerse á redución do 20% da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria, establecida pola Consellaría de Traballo para as persoas cotitulares de explotacións agrarias, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, que cumpran os requisitos esixidos na Orde da Consellaría de Traballo do 15 de maio de 2006”.

De seguido sometese a votación ordinaria a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: por unanimidade fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica dictaminada favorablemente por unanimidade”.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que lle parece ben o asunto se ben pensa que se poderia solucionar con un bando; solicita que se poñan os servizos do Concello a disposición dos veciños para o seu asesoramento.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que por unha vez coincide co voceiro do grupo municipal do B.N.G.; non lle parece lóxico aprobar unha moción para poñer un bando, dí que é unha tomadura do pleno e podese sentar un precedente e así cada vez que se faga un bando teña que aprobarse polo o pleno.

Intervén Don Javier Iglesias Sendin, concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que se trae o pleno para darlle maior realce o tema polo interese do asunto para unha comarca eminentemente agrícola.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

7.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Concelleiro do grupo municipal do B.N.G., fai a presentación dunha moción de urxencia relativa a medidas de apoio os viticultores da comarca, en concreto instando a chegar un acordo na Mesa do Viño, sobre a adquisición de uvas por parte das adegas e o cumprimento dos acordos de prezos estipulados nos derradeiros anos, reclamando o apoio das institucións e da Consellería de Medio Rural para solucionar os problemas prantexados.

De seguido, o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, seis (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para explicar o voto negativo do seu grupo, sinalando que ven determinado polo feito que hai unha semana houbo unha comisión informativa e se puido presentar, incluso chegar a unha moción conxunta de tódolos grupos.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para explicar que presenta a moción polo importante do asunto e pensa que debe haber un pronunciamento do pleno; di que a moción ten tres cuestións básicas: o tema da Mesa do Viño, o recente pronunciamento da Cooperativa sobre a compra de uvas e o feito de que se cumpran os acordos de prezos pactados anos anteriores. Finaliza a súa intervención dicindo que esta aberto a unha moción consensuada por tódolos grupos.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicir que outra vez máis trantanse de fogos de artificios; di que tódolos grupos somos coñecedores da situación e a presentación da moción é oportunista por parte dun partido e un sindicato; recorda que cando o voceiro do grupo municipal do B.N.G. estaba na oposición dicía que estas cuestións as tiña que resolver a Consellería, indicando que por desgracia non se lle pode facer caso porque non sabe o que di, comparándoo cun perxonaxe habitual de Ribadavia chamado “Javier de Quins”

De seguido intervén o Sr. Carreira Sebio chamándolle “subnormal” o Sr. Sotelo Barroso, producíndose unha discusión acalorada con intercambio de verbas e calificativos despectivos entre ámbolos dous, intervindo o Sr. Alcalde para solicitarlle reiteradas veces o Sr. Carreira Sebio que respetase o turno de palabra pedíndolle que se cale e ante o caso omiso, o Sr. Alcalde solicítalle que abandone o salón de sesión. O Sr. Carreira Sebio mostra a súa negativa polo que o Sr. Alcalde orde a Policía Local que proceda a súa retirada, producíndose de seguido o abandono do salón de sesión polo Sr. Carreira Sebio sen oposición algunha.

Intervén o Sr. Gómez Pérez , para dicir que o seu grupo vaise abster, xa que pensa que o asunto e suficientemente interesante para que se consensúe por tódolos grupos, xa que todos estamos implicados.

O Sr. Sotelo Barroso manifesta a súa conformidade en facer unha moción conxunta.

De seguido intervén a Sra. Escudero Centrón, concelleira do grupo municipal do B.N.G., para dicir que o seu grupo retira a moción presentada.

Nestes intreos, coa autorización do Sr. Alcalde, abandoa o salón de sesión o concelleiro do grupo municipal do P.P., Don Secundino Rodríguez Gómez.

Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., formula os seguintes rogos e preguntas:

1ª PREGUNTA.- Interesalle saber se no anuncio para a contratación de persoal para a brigada contralumes sinalabase a data de selección.

Resposta o Sr. Alcalde: No se fixou no anuncio a data da selección porque descoñeciamos a dispoñibilidade do representante da Conselleria de Medio Rural para asistir a selección, se ben deuse orde e constalle que se avisou a todos da data e hora da selección.

2ª PREGUNTA.- Interesa explicación sobre pagos por importe de 2.500 euros por poda de árbores.

Resposta o Sr. Alcalde: Os pagos realizáronse en concepto de asesoramento, coordinación e poda de árbores; dí que a persoa presentou varias facturas, as cales pode consultar cando o estime oportuno.

ROGO.- Reitera as mesmas preguntas e rogos de plenos anteriores e rogalle o Sr. Alcalde se absteña de mandar cartas os responsables do P.P., sobre todo cando o que motiva ditas cartas é o mesmo que manifestou o voceiro do seu grupo na anterior Corporación. Finaliza calificando o Sr. Alcalde de hipócrita e dándolle as gracias xa que as cartas contribuíron a darlle un maior respaldo.

Intervén o Sr. Alcalde para solicitarlle o Sr. Sotelo Barroso que pense un pouco o que dí xa que é un cargo público e as súas palabras teñen trascendencia e incluso volverse contra vostede.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso para dicir porque non dixo o mesmo cando fixo as mesmas manifestacións o voceiro do grupo municipal do P.S.O.E..

O Sr. Alcalde sinala que se non ten nada máis que dicir, levanta a sesión.

Concluído o anterior, ás nove menos vinte da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

